

## O ADXECTIVO



### LEMBRA

Os nomes poden ir acompañados de **adxectivos**. Estes adxectivos describen unha calidade do nome, é dicir, explícanos como son ou como están as persoas, os animais, os lugares e os obxectos.

O nome e o adxectivo **concordan en xénero e número**. Isto quere dicir que o adxectivo ten que ter o mesmo xénero e número do nome ao cal acompaña.

- |   |   |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li><input checked="" type="checkbox"/> O vestido verde.</li> <li><input checked="" type="checkbox"/> A xanela cadrada.</li> <li><input checked="" type="checkbox"/> Os compañeiros simpáticos.</li> <li><input checked="" type="checkbox"/> As ondas fortes.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li><input checked="" type="checkbox"/> O vestido verdes.</li> <li><input checked="" type="checkbox"/> A xanela cadrado, cadrados ou cadradas.</li> <li><input checked="" type="checkbox"/> Os compañeiros simpático, simpática ou simpáticas.</li> <li><input checked="" type="checkbox"/> As ondas forte.</li> </ul> |
|---|---|

## XÉNERO E NÚMERO

Segundo **o xénero**, o adxectivo pode ser:

– **masculino** (*listo*) ou **feminino** (*lista*). Algunhas palabras teñen a mesma terminación para o masculino e para o feminino (*intelixente*).

Segundo **o número**, o adxectivo pode ser:

– **singular** (*listo, lista, intelixente*) ou **plural** (*listos, listas, intelixentes*).

### GRAOS DO ADXECTIVO

- |  |  |
|--|--|
| <b>Positivo</b>                                    | O adxectivo non modifica nin compara a intensidade do nome:<br><i>película interesante</i> . |
| <b>Comparativo</b>                                 | O adxectivo compara a intensidade entre dous nomes.  |
| <b>de igualdade (=)</b><br><i>tan ... coma</i>     | <i>esta película é tan interesante coma a outra.</i>   |
| <b>de superioridade (+)</b><br><i>máis ... ca</i>  | <i>esta película é más interesante ca a outra.</i>   |
| <b>de inferioridade (-)</b><br><i>menos ... ca</i> | <i>esta película é menos interesante ca a outra.</i>   |
| <b>Superlativo</b><br><i>«-ísimo»/«-ísima»</i>     | O adxectivo indica unha calidade en grao máximo:<br><i>película interesantísima</i> .        |

**1** Escribe un adxectivo para cada unha destas imaxes.



**2** Subliña os adxectivos e fai as transformacións indicadas.

- Os mobles modernos → A roupa \_\_\_\_\_
- Unhas torres altas → Un edificio \_\_\_\_\_
- A maleta grande → Os pés \_\_\_\_\_
- Un cociñeiro excepcional → Uns debuxos \_\_\_\_\_
- Un inverno moderado → Unhas opinións \_\_\_\_\_
- A cadela peluda → O gato \_\_\_\_\_

**3** Identifica os errores de concordancia deste texto e corríxeos.



*Roberto sentíase moi estraña naquel país. Un país de persoas diminutos, discreta, case invisible. O seu nariz prominentes non cadraba con aquela contorna. Sería difficilísimas poder facer amigos. Pero tiña que ter esperanza: lembraba unhas antigos amigas que había tempos que vivían preto destas terras horripilante.*

**4** Relaciona:

- |  |   |                                    |
|--|---|------------------------------------|
| Es <b>tan irresponsable</b> coma ela.        | • | grao superlativo.                  |
| Este pastel é <b>docísimo!</b>               | • | grao comparativo de inferioridade. |
| Unha clase é <b>menos grande</b> ca a outra. | • | grao comparativo de superioridade. |
| A miña avoa é <b>máis grande</b> ca a túa.   | • | grao positivo.                     |
| Non atopo a axenda <b>negra</b> .            | • | grao comparativo de igualdade.     |